

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao desbaldimento de cartos públicos para avaliar a eficacia das campañas publicitarias do goberno galego.

Exposición de motivos

A publicación no DOG de 22 de decembro de 2015 da resolución de 1 de decembro da secretaría xeral de medios anuncia o proceso de contratación dun servizo de avaliación da eficacia das campañas publicitarias da Xunta para 2016, que supón un previsible desbaldimento de ate 71.900 euros.

Non chega despilfarrar cartos públicos en campañas publicitarias a maior gloria do goberno da Xunta; hai que pór a guinda con esta licitación e o seu custo. A morfina publicitaria serve a unha política cuxa estratexia é a sistemática agresións aos dereitos da maioría social traballadora.

En atención tanto as innúmeras necesidades non satisfeitas en materia socioeconómica e cultural que arrastra a nosa cidadanía; como en atención a unha lectura transformadora do valor da austeridade por parte das administracións públicas, cómpre cancelar un procedemento que suporía de manterse incorrer nun gasto inútil, que debería ser empregado para outra utilidade de carácter social.

A Xunta de Galicia prefere non regulamentar a publicidade institucional para garantirse unha total discrecionalidade á hora de malgastar cartos públicos para defender políticas contrarias ao interese xeral. A Xunta de Galicia tería que impulsar un proxecto de lei de publicidade institucional que garanta e desenvolva os principios reitores da veracidade, transparencia, legalidade, lealdade institucional, neutralidade, interese público, eficiencia,

non discriminación e respecto ás persoas e as súas actividades, a afirmación dos valores democráticos e o pulo da lingua e cultura galegas.

A Asociación de Medios en Galego achegaron unha proposta de lei de publicidade institucional de Galicia que os grupos da oposición fixemos nosa e que un goberno atento ao interese xeral xa tería feito súa.

Polo antedito, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a cancelar a contratación dun servizo de avaliación da eficacia das campañas publicitarias da Xunta para 2016.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a elaborar unha lei de publicidade institucional.

En Compostela, a 23 de decembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/12/2015 13:43:59